

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE XUÑO DE 2023**

Ás 10:20 horas do día 7 de xuño de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 2 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica (asiste ao punto 1)
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. M. Carla Candia Paz, xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 2)
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación (asiste ao punto 1)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 1 e 9)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste ao punto 1)
D^a. Cristina Chao Gómez, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 1)
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 1)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 1)
D^a. Luz González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste ao punto 1)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 1 de xuño de 2023**

Entrégase a acta da sesión do 1 de xuño de 2023 que xa se enviara ao día seguinte ao que tivo lugar aos membros da Mesa para a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación, segundo o previsto no artigo 18.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. A acta foi asinada por todos os asistentes agás un, polo que non se puido entender aprobada na mesma sesión, tal e como indica o citado artigo.

1



Copia do documento - Concello de Vigo

6857-241

Data impresión: 30/06/2023 11:21

Páxina 1 de 7

CSV: AEA32B-E6B289-DEAA32-BAADGN-2GK99M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

Data impresión: 25/04/2024 21:12

Páxina 1 de 9

CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

6857-241

Data impresión: 30/06/2023 11:21

Páxina 2 de 7

CSV: AEA32B-E6B289-DEAA32-BAADGN-2GK99M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sométese a votación e votan a favor a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral, a xefa do Servizo de Contratación, o xefe do Servizo de Deportes, o xefe da Área de Benestar Social, a xefa do Servizo de Igualdade, o xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e a presidenta.

A xefa do Servizo de Festas quere facer constar a súa desconformidade coa referida acta. Sinala que nela non se fixo constar nin o sentido do seu voto nin do seu voto particular.

A secretaria apunta que na acta si figuraban tanto o sentido do seu voto como o seu voto particular e mostra, mentres le, o seu contido a todos os asistentes:

"Examinada a precedente motivación, cos votos a favor da presidenta, a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral e a xefa do Servizo de Contratación, e o voto en contra da xefa do Servizo de Festas que formula voto particular para manifestar a súa oposición a que se adopte o acordo da Mesa en base ao seu informe e acórdase [...]".

A xefa do Servizo de Festas manifesta, tamén, a súa desconformidade coas actas anteriores ao 1 de xuño e a secretaria aclara que o punto incluído nesta sesión é a aprobación da acta do 1 de xuño, non as anteriores, que xa foron aprobadas por unanimidade dos asistentes, mediante a súa sinatura, incluída a da xefa do Servizo de Festas.

Retoma a palabra a xefa do Servizo de Festas para formular voto particular contra a aprobación da acta. Indícaselle que aparte de lelo que o remita posteriormente asinado para incorporalo á acta. Consta anexo a esta acta o escrito presentado polo xefa do Servizo de Festas a través do Rexistro Xeral o 14 de xuño de 2023 (documento nº 230166306).

Rematada a intervención da xefa do Servizo de Festas sométese novamente a votación a aprobación da acta do 1 de xuño de 2023 cos votos a favor da titular da Asesoría Xurídica, da vogal suplente do interventor xeral, da xefa do Servizo de Contratación, do xefe do Servizo de Deportes, do xefe da Área de Benestar Social, da xefa do Servizo de Igualdade, do xefe do Servizo de Administración Electrónica, da xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e da presidenta e o voto en contra da xefa do Servizo de Festas.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19.881-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

Data impresión: 25/04/2024 21:12

Páxina 2 de 9

CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. INOVALABS DIGITAL, S.L.
2. INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L.
3. KPMG ASESORES, S.L.
4. UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

b) Outorgar un prazo de tres días a AMPPLIO GESTIÓN EMPRESARIAL, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente, dado que declara que concorre á licitación coa solvencia dun terceiro, MARIN CONSULTING, S.L.P, deberá presentar o anexo III "DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO" do PCAP asinado polo representante con poder de representación do citado terceiro.

Así mesmo, presentará novamente o DEUC, tanto do licitador como do terceiro, asinado polas persoas con poder de representación de cada unha das empresas, ao non constar declarado que cumpren con todos os criterios de selección esixidos neste procedemento. Neste caso, deberán declarar a súa solvencia na parte IV do DEUC, detallando tanto a solvencia económica como a técnica nos apartados "B: Solvencia económica e financeira" e "C: Capacidade técnica e profesional", respectivamente, en lugar de responder á pregunta "a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección".

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19.881-77)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda do Sobre A.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611)



Copia do documento - Concello de Vigo

6857-241

Data impresión: 30/06/2023 11:21

Páxina 3 de 7

CSV: AEA32B-E6B289-DEAA32-BAADGN-2GK99M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

Data impresión: 25/04/2024 21:12

Páxina 3 de 9

CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

6857-241

Data impresión: 30/06/2023 11:21

Páxina 4 de 7

CSV: AEA32B-E6B289-DEAA32-BAADGN-2GK99M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes o 31 de maio de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

A continuación a xefa do Servizo de Contratación pon de manifesto que o apartado 3 do modelo de proposición económica, contido no apartado 6.B das Follas de especificacións do contrato (Anexo I) do PCAP di:

"3.- Propón como prezo anual sen IVE dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato o de euros, sendo a cota correspondente o IVE a de euros o que supón un prezo total do contrato de euros".

Pódese apreciar que na primeira parte se refire ao prezo anual dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato; no entanto, na súa segunda parte refírese ao prezo total do contrato. Sendo así que o prezo total do contrato, tal e como dispón o apartado 3.A das FEC, consta dunha parte fixa e dunha parte variable.

Así as cousas, é manifesto que a redacción do citado apartado do modelo de proposición é confusa e induciu a error aos licitadores á hora de formular as súas ofertas. De feito, cada un deles fai unha interpretación diferente. E aínda que se solicita un orzamento detallado do servizo, á vista deste tampouco é posible determinar cal era a intención dos licitadores, pois comprende conceptos que non están relacionados co citado criterio de adxudicación, e non é sinxelo determinar a verdadeira intención dos licitadores e o prezo ofertado para a parte fixa do contrato. O propio servizo xestor do contrato realizou dúas interpretacións distintas do contido das ofertas nos seus informes do 22 e de 31 de maio.

Á vista desta circunstancia, parece preferible, en aras da seguridade xurídica, propoñer ao órgano de contratación a desistencia deste procedemento e rectificar, tanto o modelo de proposición como o contido orzamento detallado do servizo, para que teña relación cos criterios de adxudicación, e iniciar unha nova tramitación para a adxudicación do devandito servizo.

A titular da Asesoría Xurídica pronúnciase a favor da argumentación da xefa do Servizo de Contratación por considerar que é máis segura xuridicamente e a vogal suplente do interventor xeral reforza esta conclusión ao sinalar que dos orzamentos detallados presentados non se pode deducir a vontade dos licitadores cunha simple operación aritmética, como sostén a doutrina dos tribunais de recursos contractuais. Tamén se fai fincapé en que ningún dos licitadores fixo uso do seu dereito a solicitar a aclaración de dúbidas sobre os pregos, con carácter previo á presentación das súas proposicións, tal e como prevé a cláusula 11 do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

Data impresión: 25/04/2024 21:12

Páxina 4 de 9

CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

O xefe do Servizo de Deportes, á vista da argumentación da xefa do Servizo de Contratación e demais membros asistentes, pronúnciase a favor da desistencia do procedemento.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, remitir o expediente ao Servizo de Contratación para propoñer a desistencia deste procedemento.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou, por unanimidade, remitir o expediente ao Servizo de Contratación para propoñer a desistencia deste procedemento.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo

6857-241

Data impresión: 30/06/2023 11:21

Páxina 5 de 7

CSV: AEA32B-E6B289-DEAA32-BAADGN-2GK99M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

Data impresión: 25/04/2024 21:12

Páxina 5 de 9

CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Punto nº 1 da Orde do día convocatoria de sesión 07/07/2023

OPOSICIÓN AO ACORDO DE APROBACIÓN DE ACTA DE SESIÓN 1 DE XUÑO

Antecedentes

Recibido borrador de Acta da sesión de 01/07/2023 por correo electrónico da Secretaria da Mesa de Contratación o 01/07/2023, manifestei polo mesmo medio a miña disconformidade, ao non constar na Acta o contido do meu voto particular, se non a transcripción literal do meu informe de 22 de maio de 2023. Así mesmo remitín dito voto particular para ser incluído na Acta:

"Solicito que conste o meu voto particular en contra da proposta de acordo toda vez que se fundamenta no meu informe de 22/05/2023 para "... non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos..."

O meu informe incide en que carezo da capacidade xurídica para determinar si da documentación aportada por Sweet Nocturna pódese concluír cumprido ou non o requisito de "acreditar a cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista". Entendo que non se pode fundamentar o acordo nunha declaración de falta de capacidade xurídica para avaliar a documentación presentada.

En canto á petición de que me pronunciase sobre "ás prácticas habituais do sector dos concertos e xiras internacionais para a acreditación do requisito ao que se referiu o acordo do 11 de maio de 2023" a única cuestión sobre a que se pode informar son sobre os antecedentes que constan no Servizo sobre a acreditación realizada por outro licitador noutro procedemento, en concreto o expte. nº 9648-335, no que o PCAP establecía un requisito similar e o licitador aportou un "contrato de prestación de servizos". Neste procedemento este Servizo non valorou se este documento daba cumprimento á documentación esixida no PCAP. Se descoñece o resto de cuestións relativas ás prácticas habituais do sector en canto á relación contractual entre artistas, representantes e promotoras de eventos en xiras internacionais, pero que en todo caso considero, son cuestións xurídicas."

O 02/06/2023 a Secretaria da Mesa de Contratación remite convocatoria para asistencia a Mesa de Contratación a celebrar 07/06/2023 no que o punto 1º da orde do día é a aprobación da acta de sesión de 01/06/2023, chégase copia do borrador da Acta.

Quero exercer un **voto particular** opoñéndome á aprobación da acta polos seguintes **motivos**:

1.- (Pax. 7) En canto a que "... A Mesa de Contratación, na sesión do 16 de maio de 2023 acordou: "Á vista da documentación presentada por SWEET NOCTURNA, S.L. no que fai referencia ás prácticas habituais do sector dos concertos e xiras internacionais para a acreditación do requisito ao que se referiu o acordo do 11 de maio de 2023, a Mesa acordou, por **unanimidade**, solicitar informe ao servizo xestor en relación coa contestación ao requirimento de emenda presentada pola licitadora".

Con data do 22/05/2023 manifestei a miña disconformidade respecto de que se indicase na Acta da sesión de 16/05/2023 que o acordo de pedir informe ao Servizo de Festas se adoptaba por unanimidade ao terme oposto a este acordo na referida sesión. A Secretaria

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

6857-241

Data impresión: 30/06/2023 11:21

Páxina 6 de 7

CSV: AEA32B-E6B289-DEAA32-BAADGN-2GK99M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

Data impresión: 25/04/2024 21:12

Páxina 6 de 9

CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

6857-241

Data impresión: 30/06/2023 11:21

Páxina 7 de 7

CSV: AEA32B-E6B289-DEAA32-BAADGN-2GK99M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

da Mesa respondeu mediante dilixencia de 23/05/2023 que a acta estaba asinada por min e que si ben eu manifestei desconformidade coa solicitude de informe que propoñían os demais membros asistentes porque entendía que era un informe xurídico, non formulei voto particular. É certo que non emitín voto particular, pero non emitín voto ningún porque non se votou. Polo que o primeiro debería ser aclarar qué tipo de acordo se adoptou.

2.- (Pax. 8) En canto a "... Á vista dos antecedentes citados, concorrería un suposto de non admisión do licitador, SWEET NOCTURNA, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, que rematou o pasado 15 de maio de 2023, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio."

Opóñoome a esta redacción xa que se está incluído que na parte expositiva unha conclusión, que é parte do contido na motivación do acordo, co que precisamente eu estou en desacordo.

3.- (Pax. 9) En canto a "... Examinada a precedente motivación, cos votos a favor da presidenta, a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral e a xefa do Servizo de Contratación, e o voto en contra da xefa do Servizo de Festas que formula voto particular para manifestar a súa oposición a que se adopte o acordo da Mesa en base ao seu informe e acórdase:..."

Neste segundo borrador remitido xunto co orde do día, elimínase a transcripción do meu informe tal e como constaba no primeiro borrador remitido pola Secretaria, e calquera outra referencia ás miñas manifestacións na sesión. Segue sen facerse constar o contido do meu voto particular, que foi remitido por correo á Secretaria.

Polo que **opóñoome** á aprobación da Acta polos motivos expostos e **solicito** a súa enmenda.

A Xefa do Servizo de Festas, M^a Cristina Chao Polo

Firmado por MARIA CRISTINA
CHAO POLO - ***6045** el
día 14/06/2023 con un
certificado emitido por AC
CAMERFIRMA FOR NATURAL
PERSONS - 2016



Copia do documento - Concello de Vigo

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

Data impresión: 25/04/2024 21:12

Páxina 7 de 9

CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DILIXENCIA.- Eu, secretaria, quero facer constar, en relación co voto particular presentado por D^a. María Cristina Chao Polo (xefa do Servizo de Festas e vogal da Mesa de Contratación) contra a aprobación da acta do 1 de xuño de 2023, o seguinte:

- Rematada a sesión do 1 de xuño de 2023 remito por correo electrónico á xefa do Servizo de Festas o borrador da acta para que me confirmase se plasmara con claridade o sentido do seu voto particular. Polo mesmo medio recibo un documento que contén o texto da acta con anotacións ou comentarios, non un voto particular, facendo aclaracións ao seu informe do 22 de maio ou incluíndo cuestións que nin se formularan na sesión ou cuxa literalidade non coincidía co manifestado. O propio texto do correo indica: "Achego comentarios á acta".

Respectando o disposto no artigo 19.3.C) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a acta da sesión recollía o sentido do seu voto así como o voto particular nos seguintes termos:

"Examinada a precedente motivación, cos votos a favor da presidenta, a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral e a xefa do Servizo de Contratación, e o voto en contra da xefa do Servizo de Festas que formula voto particular para manifestar a súa oposición a que se adopte o acordo da Mesa en base ao seu informe e acórdase [...]".

Aclárase, así mesmo, que a citada vogal non solicitou nin a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta nin que se gravara a sesión (artigo 19.5 da Lei 40/2015). Tampouco leu un voto particular nin comunicou que o enviaría por escrito, como si fixo na sesión do 7 de xuño na que leu o seu voto particular e posteriormente remitiu por escrito, incorporándose a esta acta.

- En relación coa remisión que fai ao expediente 9.648-335 no que manifesta "Neste procedemento este Servizo non valorou se este documento daba cumprimento á documentación esixida no PCAP", cómpre aclarar que o 15 de febreiro de 2023, ás 10:15 horas, se reuniron a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), para a apertura e cualificación da documentación presentada, de acordo co previsto na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Consta na acta asinada por ambas as dúas funcionarias, na que se abriron os sobres A "Documentación persoal" e B "Proposta económica", "dado que o licitador xa achegou no sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2)". O 16 de febreiro as mesmas funcionarias asinaron proposta de adxudicación a favor do citado licitador.

A xefa do Servizo de Festas non só participou na apertura, cualificación da documentación e proposta de adxudicación do citado expediente, senón en todos os procedementos negociados sen publicidade por razóns de exclusividade tramitados polo seu servizo para a contratación de actuacións artísticas nos que non intervéñen a Mesa de Contratación.

- Respecto do exposto pola vogal en relación coa sesión do 16 de maio de 2023 no que fai constar que "non emitín voto particular, pero non emitín voto ningún porque

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2023 11:28	Páxina 1 de 2
6857-241	CSV: A3AE2B-EEB287-D28835-29KHHL-FQ9AF6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:12	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Documento asinado

ASINADO POR: TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL - (ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ) 16/06/2023 14:47:42

non se votou. Polo que o primeiro debería ser aclarar qué tipo de acordo se adoptou”, este aspecto xa se aclarou mediante dilixencia de data 23 de maio de 2023 (anexada ao expte. 9.713-335) e na propia sesión do 1 de xuño na que aclarei que as actas anteriores ao 1 de xuño (entre elas, a do 16 de maio) “xa foron aprobadas por unanimidade dos asistentes, mediante a súa sinatura, incluída a da xefa do Servizo de Festas” e nas que se incluíu o contido dos acordos adoptados, tal e como esixe o artigo 18.1 da Lei 40/2015.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2023 11:28	Páxina 2 de 2
6857-241	CSV: A3AE2B-EEB287-D28835-29KHHL-FQ9AF6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:12	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14B-5HE581-C3E835-3CWTZS-7D235R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		